


Para o alumnado da ESO



Dormente


Raquel Castro. Galaxia. 2021

Esta princesa está durmida? Será que non quere espertar? Por que queren que esperte? Para casala con quen non quere? Descúbreo nesta obra teatral publicada na colección Árbore (a partir dos 12 anos).

Un elefante na sala de estar

Berta Dávila. Xerais. 2022

O suicidio de Rosa acontece unha mañá de outono mentres o seu home está no traballo e os seus fillos no instituto. Na súa ausencia, as voces das persoas que a querían contan quen era. Unha obra emotiva que enfrenta os mitos e o silenciamento desta problemática.



Que me pare o corazón se te esquezo


Andrea Maceiras. Xerais. 2022

Blue Shiva é a deusa das redes sociais. Na súa popular canle aparecen os retos virais máis arriscados. Pero tamén é unha deusa fráxil. A noite en que decide camiñar polo bordo dun edificio de dez andares, só desexa que a chuvia deteña a súa ousadía. Porén, Nordestal é unha cidade ventosa...

Un enemigo del pueblo

Javi Rey. Planeta de Agostini. 2023

O discreto doutor Thomas Stockmann e o seu irmán Peter, alcalde populista, fundan un balneario cuxo éxito garante a prosperidade da súa pequena illa. Porén, Thomas, que non aproba a xestión do irmán, apártase do proxecto e limítase a exercer como médico dos turistas.



Para alumnado de Bacharelato

O lume

David Rubín. Demo Editorial, 2023

Un inmenso asteroide aproxímase á Terra en traxectoria de colisión...



A arañeira

Joseph Roth. Irmás Cartoné. 2021

Desmobilizado, como milleiros de soldados ao rematar a Gran Guerra, Theodor Lohse atópase sen a brillante carreira militar coa que esperaba ocupar un lugar na vida...

Deseo de ser punk

Belén Gopegui. Debolsillo, 2023.

Martina, aos seus dezaseis anos furiosos, quere repectar o seu código, saír dese mundo dado que non comprende...



Relatos escalofriantes

Roald Dahl. Loquileo. 2019.

Once increíbles historias para asustarse e descubrir que todo é posible en Roald Dahl.


As bestas de Rodrigo Sorogoya (2022)

Matria, de Álvaro Gago (2023)

Cine en galego.



REDE DE BIBLIOTECAS ESCOLARES DOS CENTROS PÚBLICOS DE AMES



GUÍA DE VERÁN 2023

www.bibliocepamaia.blogspot.com
www.coapalabranaboca.blogspot.com/es/
www.agrobiblio.blogspot.com.es
www.bibliocarlosnieto.blogspot.com.es/
www.iesmilladoirobiblioteca.blogspot.com.es/
<http://www.bibliobarouta.blogspot.com>
axaneladeventin.blogspot.com
eei.covas@edu.xunta.es
eei.igreja.ames@edu.xunta.es

Máis guías en:

www.edu.xunta.es/biblioteca/blog

Primeiros lectores

MOITA FROITA



Moita froita


Héctor Cajaraville. Ed. Xerais, 2023

Libro con vistosas fotografías, texto simple e rimado para recoñecer as froitas e as súas cores, e aprender como se denominan en galego, castelán, portugués e inglés.

O libro grande dos números pequenos

Berta Dávila. Ed. Xerais, 2023

Divertidas rimas para contar do un ao vinte, do dereito e do revés. Porque contar e cantar todo é comezar.



El gran libro de nuestro huerto

Blanca Millán. Ed. Cumio. 2022

Neste libro descubrirás os segredos dun horto: as colleitas, os cultivos propios de cada época do ano, os procesos de plantación e a variedade de froitas e verduras frescas que nos pode ofrecer.


Unha gran sorpresa

Daniela Kulot. Ed. Kalandraka, 2023

Unha misteriosa corda vermella asoma por debaixo da porta e leva a familia de Crocodilo e Xirafa a vivir novas aventuras. Que haberá ao outro lado?



De 7 a 9 anos



A pulga espacial



Xabier Domínguez / Alba de Evan / Davide Ortu. Cumio, 2023

A tripulación da **Pulga espacial**, unha nave espacial moi peculiar, formada por dous nenos, un can, e un alien, reciben unha chamada especial do Goberno Planetario para iniciar a misión máis arriscada das súas vidas: conseguir o mineral que salvará a Terra.

Animalotes 1 y 2: El comienzo / Misión implumable

Aaron Blabey. Anaya, 2019

O Sr. Lobo, o Sr. Tiburón, o Sr. Serpe e o Sr. Piraña son uns animais de mala fama. Teñen a todo o mundo atemorizado e son perigosos. Son malos. Pero estes tipos queren ser heroes, e probarán que é facer o ben, rescatando uns canciños. Converteranse en bos?



Mortiña. Unha sorpresa marabillosa

Barbara Cantini. Hércules, 2023

Cando Mortaña sobe ao faiado na procura de disfraces para Halloween, atopa unha postal dos seus pais! Víraos por última vez cando saían para unha longa viaxe... pero nunca máis regresaron. Que sería deles? Para descubri-lo terá que botar man de habilidades de detective e de moita imaxinación.

Vampira de biblioteca

Lecia Costas. Xerais, 2020

Esta non é unha historia calquera. É a miña historia. Preguntarás quen son eu. Chámome Eleonora, son unha vampira e dedícome a papar os insectos que queren roer as páxinas dos libros da biblioteca onde vivo.



De 9 a 12 anos

Cuentos para entender el mundo

Eloy Moreno. Ed. B de Bolsillo, 2020.

E se son as ramas as que moven o vento? Pequenos contos de grandes autores que Eloy Moreno adaptou aos tempos actuais.



Un verán en Flamia

Marcos Calveiro-Xiana Temoy. Ed. Tambre. 2022

Mentres os seus pais e irmáns marchan de vacacións a un parque temático, Uxío asiste contrariado a un campamento nunha illa onde os participantes teñen vedado o uso do móbil e deben alimentarse do que colleitan.

Malvarina, quero ser bruxa

Susannalsern-Laura Proietti.

Ed. Triquetta verde. 2022

Malvarina é unha valente nena de nove anos desexosa de converterse en bruxa. Ela decide tomar o control do seu destino e visita ás tres bruxas que gobernan a súa cidade, temidas polos seus aterrificos feitos.



Uxío

Banda deseñada- Martín Romero. Ed. Astiberri. 2020

Uxío ten unha amiga, Ana, e una cadelinha, Rosenda, que lle acompañan a todas partes, incluíndo, por suposto, os lugares que visita grazas á súa desbordante imaxinación.